

Palabras do Prelado con motivo da elección do Papa Francisco

Mons. Xavier Echevarría afirma a "completa adhesión á súa persoa e ao seu ministerio, seguro de expresar así os sentimentos dos fieis -laicos e sacerdotes- da Prelatura do Opus Dei.

14-03-2013

Para os católicos de todo o mundo é un momento de gran alegría cristiá: o

noso novo Papa Francisco é o 266
sucesor de Pedro. Desde que se viu a
fumata branca recibímoslle con
profunda gratitude e, agora,
seguindo o exemplo de Bieito XVI,
manifestámoslle incondicional
reverencia e obediencia. E tamén o
noso agarimo e as nosas oracións, en
continuidade coas que rezamos co
Papa na súa primeira aparición
desde a Logia das Bendicións da
Basílica de San Pedro.

Nesta hora de emoción, na que se
toca a universalidade da Igrexa,
reafirmo ao novo Romano Pontífice
unha completa adhesión á súa
persoa e ao seu ministerio, seguro de
expresar así os sentimentos dos fieis -
laicos e sacerdotes- da Prelatura do
Opus Dei. Todos nos encomendamos
ás oracións da súa Santidade, para
contribuír eficazmente, con
dispoñibilidade alegre, á tarefa de
evangelización que o Papa

mencionou no seu primeiro saúdo á Igrexa.

Nestas semanas de espera serena, falouse moito da carga que pesa sobre os ombreiros do Santo Pai. Pero non esquezamos que o Papa conta coa axuda de Deus, coa asistencia do Espírito Santo e co afecto e a pregaría dos católicos, e de millóns de persoas de boa vontade.

Como aconsellou sempre San Xosemaría Escrivá, rogo ao Señor hoxe moi especialmente para que todos os cristiáns teñamos "unha mesma vontade, un mesmo corazón, un mesmo espírito: para que «omnes cum Petro ad Iesum per Mariam!» - que todos, ben unidos ao Papa, vaíamos a Xesús, por María" (Forxa, 647).

+ Xavier Echevarría

Prelado do Opus Dei

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/palabras-do-prelado-con-
motivo-da-eleccion-do-papa-francisco/](https://opusdei.org/gl-es/article/palabras-do-prelado-con-motivo-da-eleccion-do-papa-francisco/)
(05-04-2025)